



13 FEB. 2017

Entrada nº: 711

Saída nº:



GRUPO MUNICIPAL

M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a sobre a prestación de funcións de tesourería nos entes locais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular realizou na súa etapa de Goberno unha agresión constante á autonomía local e aos intereses municipais, que atopa a súa máxima expresión na aprobación unilateral da reforma local impulsada polo Goberno, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), que xerou o rexeitamento maioritario de máis de 3.000 concellos de toda España gobernados por distintos partidos políticos que representaban a uns 17 millóns de persoas.

Até agora o goberno do PP foi incapaz de resolver os problemas que afectan ás EE.LL, especialmente o problema do financiamento local, que está a ser agravado pola situación de asfixia económica e desapoderamento dos concellos.

A culminación do despropósito foi a Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, con entrada en vigor o 11 de xullo de 2015, na que se modifica a Disposición Transitoria Sétima da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), que elimina a cobertura legal que permitía aos concelleiros exercer funcións de tesouraría.

Para afondar no caos xerado, na incerteza legal e inseguridade xurídica e co rexeitamento maioritario das devanditas modificacións polas Entidades Locais, o Real Decreto/lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, entrou en vigor o 12 de setembro de 2015, modificando o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, modificando as funcións da escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional da subescala de Secretaria/Intervención incluíndo entre as súas funcións as de Tesouraría.

A reforma da Disposición transitoria sétima, previa unha serie de solucións para adoptar, de forma transitoria, ata o 31 de decembro de 2016 (salvo prórroga pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado) ou ata que se producise o desenvolvemento regulamentario previsto. Isto permitía a posibilidade de que

funcionarios de carreira da Deputación Provincial ou, no seu defecto, dos concellos, exercesen esta función nos municipios menores de 20.000 habitantes.

Unha vez expirado o prazo, o 93% dos concellos españois teñen agora un problema grave motivado por dúas realidades: por unha banda non hai habilitados nacionais suficientes para cubrir todas as prazas necesarias, porque nin sequera se convocou a oferta de emprego público, e doutra, o custo da nova praza pode afogar a situación económica de moitos concellos, principalmente os menores de 5000 habitantes, que son os máis afectados por esta medida.

Non existe precedente algún, nin no dereito histórico español, nin no dereito comparado que considere que se pode desempeñar por unha mesma persoa a fiscalización e o manexo e custodia dos fondos públicos, incluída a recadación.

Cos dous decretos en vigor e vista a incompatibilidade entre as funcións de Tesouraría, que é un posto de xestión, e o de Intervención, que realiza o control desa xestión, polo que non poden coincidir nunha mesma persoa en ningún caso, unha modificación destas características pon en evidencia o descoñecemento absoluto do goberno do Partido Popular e o moi afastados que están da realidade dos nosos concellos, especialmente dos pequenos municipios nos que as funcións de tesouraría até agora estiveron desempeñadas por concelleiros tesoureiros, sistema que se mostrou eficaz, eficiente e sen custo.

Por iso consideramos que en vez de resolver un problema váise a crear, con seguridade, outro maior. Esta reforma do Goberno do PP non está xustificada desde ningunha perspectiva, nin desde a económica, dado que vai supor un grandísimo custo sen determinar quen o vai soportar, nin desde a da axilidade e a simplificación da administración, xa que vai implicar máis complexidade no sistema, nin desde o respecto á autonomía municipal, que resulta vulnerada, de novo, de forma gravísima.

Así mesmo, esta reforma aprobouse sen o necesario diálogo coa FEMP, cos representantes da propia Administración Local e cos corpos de funcionarios implicados; sen previsión, en canto á provisión de prazas; sen cuantificación económica, e sen valorar os seus posibles efectos.

Ademais, apróbanse as modificacións a través leis que nada teñen que ver co obxecto da reforma. Esta forma de modificar a normativa non deixa de ser unha "auténtica chapuza" coa que se xera confusión e inseguridade xurídica. En resumo, estas reformas expostas polo Goberno do PP crean un problema onde non o había, crean un importantísimo gasto que non existía e xeran de forma absurda unha complexidade administrativa contraditoria.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Adoptar as medidas necesarias para derrogar a modificación da Disposición Transitoria Sétima da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, modificación que elimina a cobertura legal da prestación das funcións de tesouraría por concelleiros.

2. En tanto se produce esa modificación legal, prorrogar a transitoriedade regulada na disposición transitoria sétima da Lei de Racionalización e Sustentabilidade Local, que expirou o 31 de decembro pasado, coa finalidade de permitir que exerzan funcións de tesouraría, en municipios menores de 20.000 habitantes, outros funcionarios do propio Concello ou da Deputación Provincial correspondente.

3. Debater e acordar previamente, coa FEMP e os sectores implicados, calquera modificación substancial da regulación das bases de réxime local

4. Acompañar das previsións orzamentarias correspondentes calquera tipo de modificación normativa na que se establezan novas obrigas ás entidades locais, de tal modo que ditas obrigas non supoñan unha carga engadida para as súas facendas.

Pobra do Caramiñal, a 12 de febreiro de 2017.



Asdo..- M^a Teresa Garcia Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.